



DISCURSO – MARÍA ROZAS

ACTO DE ENTREGA DE TÍTULOS, HONRAS E CONDECORACIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO - 11 DE ABRIL

Señor delegado do Goberno,

Alcaldesa,

Exalcaldes,

Compañeiros e compañeiras de Corporación,

Autoridades

Veciñas e veciños

É un pracer e un orgullo ver o Teatro Principal ateigado de xente para este acto.

Un acto de recoñecemento, de memoria, de xustiza. E sobre todo, un exercicio de autoestima colectiva.

Porque hoxe non só loubamos a traxectoria das mulleres e dos homes que recibirán a medalla de ouro de Santiago, ou que serán nomeados fillos e fillas predilectas e adoptivas.

Hoxe facemos moito máis. Hoxe recoñecémonos nelas e neles. Hoxe reivindicamos que o que é Compostela, éo grazas á súa xente.

Dise sempre que Santiago é unha cidade universal, un lugar de acollida.

Sómolo, e non queremos renunciar a iso. Así se forxou a nosa identidade ao longo dos séculos.

Pero Santiago é moito máis, a nosa cidade é moito máis, e temos que lembralo e poñelo en valor. Como imos facer esta tarde.

Unha prezada amiga miña di que Compostela semella padecer a síndrome de Wendy. Simplificando moito, en psicoloxía fálase de que tén esa síndrome quen sente unha necesidade extrema de coidar doutros para afirmar a propia identidade; que pensa tanto nos demais que acaba por esquecerse de sí mesma. E fronte a iso, a primeira receita é o autocoidado.

Santiago leva décadas, séculos, construíndo a súa identidade ao redor da acollida e do coidado dos e das visitantes, das peregrinas, dos e das estudantes universitarias... Sendo casa para todos e todas, e quizais esquecéndose de sí mesma como prioridade.

Hoxe, con este acto, practicamos, pois, o autocoidado colectivo.

Vivimos nunha Cidade Patrimonio da Humanidade, e sabemos o que é coidar, preservar e protexer o noso inmenso patrimonio material e construído.

Hoxe falamos do outro, dun tesouro aínda máis valioso, do patrimonio inmaterial máis importante de Compostela, que é a súa xente.

Mulleres e homes que axudaron, e axudan, a construír a Compostela que queremos. Sendo santiagueses de nacemento, ou séndoo de corazón, como Manuel Quintáns ou José Porto Buceta, aos que hoxe nomeamos fillos adoptivos de Santiago. A pegada de ambos na nosa cidade é innegable, coido que nos dous casos o cariño da cidade cara eles, tamén o é.

O mesmo acontece no caso das tres persoas que nomeamos fillas predilectas de Santiago, e coas que tamén facemos un exercicio de xustiza, porque aínda temos con elas moitas débedas que saldar:

Ramón Baltar, ao que lle recoñecemos o seu prestixio como cirurxán, a súa traxectoria profesional, pero que aínda estamos redescubriendo na súa militancia cívica, no seu compromiso democrático, social e cultural. As súas conviccións profundamente republicanas e antifascistas permaneceron ocultas durante demasiados anos. Mais nunca é tarde para poñer ás persoas no lugar da historia que lles corresponde, e di moito de Ramón Baltar que tanta xente, e xente diversa, traballe para logralo. Hoxe, o Concello de Santiago contribúe tamén a ese obxectivo.

Aurichu Pereira, á que despedimos hai ben pouco tempo lembrando o seu talento artístico, o seu compromiso político, a súa capacidade para reinventarse. Tamén para demostrar que se fai cidade e se constrúe comunidade desde moi diferentes foros. Ela fíxoo de moitos modos e eu, que tamén son concelleira de Comercio, quero poñer en valor un deles: a súa tenda de Fonte Sequelo. Escribiuno a nosa benquerida Encarna Otero e eu non podería dicilo mellor: Aurichu e Xanela foron un espazo de vida e de cultura, un foco de creatividade, de traballo e de bo vestir. Un patrimonio que amosou o bo facer do pequeno comercio de Compostela.

Aurichu foi, ao longo de toda a súa traxectoria, exemplo de rebeldía, como tamén o foi Ezequiel Méndez.

A Ezequiel debémoslle ter botado a semente, desde o seu cineclub universitario, para que Santiago sexa a cidade de cine e de cinéfilos que hoxe é. Para que presumamos de festivais como Cineuropa ou Curtocircuito, que xa tivo a ben poñer en valor a súa figura hai poucos anos.

Recordándonos o seu claro compromiso cívico, e a súa visión de Compostela que sempre fuxiu do reduccionismo contra o que aínda temos que seguir loitando. Coas súas producións audiovisuais, sobre os escenarios, nos seus parladoiros... Para Ezequiel, a cultura foi unha ferramenta para procurar as liberdades democráticas, unha arma de denuncia contra a

ditadura, un modo de rebeldía... Que maior rebeldía, que maior axitación, que representar a Castelao en galego na Praza da Quintana en pleno franquismo!

Como reivindicativas foron e son Tareixa Navaza e Luis Pasín, que esta noite reciben a medalla de ouro de Santiago.

Non me toca a min repasar os seus currículums nin a súas traxectorias, que tamén nos falan de integridade, de resistencia, de defensa da liberdade, e de vocación de servizo público. E ademais, fano dende dous espazos nos que esa integridade e esa vocación son máis necesarias, e máis esixibles, que en ningún outro: o xornalismo e a política. Cantas Tareixas Navaza e cantos Luises Pasín seguimos precisando! Canta inspiración sodes para todas e todos nós!

E esa é a razón de ser deste acto. O primeiro é agradecerlles o seu traballo ás persoas recoñecidas hoxe. Pero trátase tamén, como dicía ao comezo, de mirarnos nelas para ratificarnos no orgullo de sermos santiaguesas e santiagueses, de pertencer a esta Compostela diversa, moderna, comprometida e solidaria.

Trátase de lembrar que Santiago construímoslo entre todas e todos. E que de todos e todas nós depende escribir a súa historia, partindo dos capítulos xa iniciados por persoas como as que homenaxeamos hoxe.

Escribiu Manolo Rivas que Santiago é unha creación sorprendente, porque naceu dunha estrela que indicaba unha tumba e floreceu sobre ese mesmo sepulcro, unha obra aberta con páxinas de cronoloxía en espiral que se solapan como pétalos dunha enigmática rosa.

Sigamos construíndo esa espiral entre todas e todos, sempre co exemplo e coa memoria de persoas coma as que hoxe homenaxeamos. Sigamos facendo de Santiago unha creación sorprendente, e fagámolo entre todas.

Moitas grazas